

## II CERTAME DE MICRORRELATOS <<BOLBORETAS>>

A Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Valle Inclán de Pontevedra convocan o II CERTAME DE MICRORRELATOS <<BOLBORETAS>> en referencia ao coñecido como <<CRIME DAS BOLBORETAS>>, asasinato das irmás Mirabal, ocorrido na República Dominicana o 25 de novembro de 1960 e que deu lugar á conmemoración do DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.



Os microrrelatos serán orixinais e inéditos, deberán tratar sobre calquera aspecto relacionado con este tipo de violencia, sen esquecer que se trata dun texto literario, non un manifesto ou proclama, estarán escritos en lingua galega e non superarán as 150 palabras.

Poderán presentarse todos os alumnos e alumnas do IES Valle Inclán que o desexen e haberá dúas categorías, concedéndose un único premio para cada unha, aínda que dependendo da calidade dos textos presentados poderá considerarse a concesión dalgún accésit ou mesmo declaralo deserto:

- CATEGORÍA A: Para alumnado da ESO.
- CATEGORÍA B: para alumnado de bacharelato

Os microrrelatos enviaranse á dirección de correo electrónico [bibliovalle110@gmail.com](mailto:bibliovalle110@gmail.com)

**ANTES DO 30 DE NOVIEMBRE** facendo constar no ASUNTO o nome do certame e a categoría.

Enviaranse dous arquivos no mesmo correo: un co microrrelato, este arquivo identificarase co TÍTULO deste, e non achegará ningunha información que poida dar a coñecer o autor ou autora. Un segundo arquivo denominado DATOS no que se incluirá o NOME e APELIDOS, CURSO e GRUPO do mesmo.

**O xurado, formado por membros dos Equipos da Biblioteca e de Dinamización Lingüística, concederán dous premios, un por categoría, que consistirá nun E-BOOK.**

A decisión do xurado é inapelábel.

A organización do certame resérvase o dereito de poder publicar os microrrelatos gañadores na páxina web do Centro.